



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA ONCE DE XUÑO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Escusa asistencia	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do día once de xuño de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e catro de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 201200000000812 de don Manuel Martínez Carballeda

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de bloques, de aproximadamente 20 m. de lonxitude, no lugar de Sol, en solo cualificado no PXOM como solo urbano residencial de densidade media (U-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, coa abstención da Presidencia por ser parte interesada, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; garantirase o natural discurrir das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. O zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#).



2.2.- Instancia núm. 201200000000872 de Carmen Tato Carril.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 120 m. de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Silvaescura, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1) e solo rústico de protección agropecuaria (R-2) .

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende o vial na zona de solo rústico e de 5,00 m. dende o eixe na zona do núcleo; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m. na zona do solo rústico e de 1,50 m. no resto.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e catro euros con sesenta e seis céntimos (#74,66#)

2.3.- Instancia núm. 201200000000723 de don Emilio Pérez Hermo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a construción dun alboio en Matelo, en solo cualificado no PXOM como de solo de expansión de núcleo rural (N-2), cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta; nº Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Brais Vázquez Rey cun orzamento de 5.538,03 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda :

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (295,00 m²).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento dez euros con setenta e seis céntimos (#110,76#).



2.4.-Instancia núm. 201200000000779 de don Óscar Rodeiro Carbia e dona María Collazo Fuentes.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Vedra, solicitan a modificación da licenza concedida para a construción dunha vivenda unifamiliar en Trasariz de Abaixo (licenza 2011/008/000010) en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2), cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, nº Plantas S+B; Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o novo proxecto presentado redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela cun orzamento de 110.000,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Concederlle a modificación da licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; en cumprimento do artigo 29 da mesma lei deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución desta e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Ademais a distancia da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 m. debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

2º.- Compensar o importe do imposto municipal, que ascende segundo liquidación provisional á cantidade de dous mil douscentos (#2.200,00#) euros coa liquidación impositiva correspondente á licenza 2011/008/000010 , que ascendeu á cantidade de tres mil euros (#3.000,00#) , e polo tanto que se proceda á devolución da cantidade restante.

2.5.- Instancia núm. 201200000000481 de don Jesús López Mella.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a conservación de muro existente de aproximadamente 41 m. de lonxitude, no lugar de Ribeira, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual do cerramento nin afectarán á estrutura da mesma e axustaranse ás condicións da autorización do Servizo de Coordinación da área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U da Coruña (encintarse con morteiro bastardo e con chaga refundida).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e nove euros con trinta e sete céntimos (#59,37#).



2.6.- Instancia núm. 201200000000873 de don David Neira Pereiras.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a pavimentación na fronte da súa vivenda, con formigón e pedra, situada en Neira de Abaixo.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural descorrer das augas.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoto euros con tres céntimos (#18,03#)

2.7.- Instancia núm. 201200000000529 de don José M. Guerra Calvelo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Teo, solicita licenza para proceder á regularización dos lindeiros de dúas fincas situadas en Laraño -San Xián de Sales, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1), segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto técnico don David Eijo Nogueira.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

2.8.- Instancia núm. 201200000000595 de dona M^a. Isabel Castro Seoane.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 12/05/2009 concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Matelo (licenza nº 42/09), e solicita a concesión dunha prórroga para o remate da mesma.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de tres anos para o remate da mesma.

3º.- Acordo, se procede, sobre declaración de incursión en situación de fóra de ordenación total de edificacións

3.1.- Instancia núm. 201200000000125 de don Eugenio Campos Millán.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en Ponte Ulla, solicita a declaración de incursión en situación legal de fora de ordenación total para a súa vivenda situada no nº 3 do lugar de San Xoán da Cova, nos termos da documentación que se acompaña asinada pola arquitecta dona Eva M^a. Martínez Abastida.

A Xunta de Goberno ao abeiro do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do



medio rural de Galicia e á vista do informe favorable da Comisión Superior da Urbanismo e o emitido polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total da vivenda situada no nº 3 do lugar de San Xoán da Cova -Ponte Ulla nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de mil cento oitenta e nove euros con sete céntimos (#1.189,07#).

3.2.- Instancia núm. 2012000000001315 de don Francisco José Romero Guzmán e dona Sofia de la Torre Junquera

Dáse conta da citada instancia na que os interesados con domicilio en San Xián de Sales, solicitan a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a súa vivenda situada no nº 23 do lugar de Torre - San Xián de Sales, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto técnico don Carlos Lortes Gómez.

A Xunta de Goberno ao abeiro do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe favorable da Comisión Superior da Urbanismo e o emitido polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a vivenda situada no nº 23 do lugar de Torre -San Xián de Sales, nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de mil trescentos quince euros con sesenta e cinco céntimos (#1.315,65#).

3.3.- Instancia núm. 2012000000001654 de don David Ferreiro López e dona Clara de la Torre Junquera.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados con domicilio en Santiago de Compostela, solicitan a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a súa vivenda situada no nº 20 do lugar de Torre - San Xián de Sales, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto técnico don Carlos Lortes Gómez.

A Xunta de Goberno ao abeiro do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe favorable da Comisión Superior da Urbanismo e o emitido polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a vivenda situada no nº 20 do lugar de Torre -San Xián de Sales, nos termos da documentación presentada para os



efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de mil catrocentos cincuenta e nove euros con corenta e catro céntimos (#1.459,44#).

3.4.- Instancia núm. 201200000000537 de don Higinio Carreira González.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en Merín, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para unha edificación da súa propiedade situada no nº 13 do lugar de A Igrexa - Merín, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo enxeñeiro técnico agrícola don Rafael Señarís González.

A Xunta de Goberno ao abeiro do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a vivenda situada no nº 13 do lugar de A Igrexa- Merín, nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de cento corenta e catro euros con cincuenta e sete céntimos (#144,57#).

4º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento destinado a taberna en Trobe.

Vista a solicitude presentada por don Carlos Alberto Cao Fontela, para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a *taberna*, sito en Trobe, 10 (San Andrés de Trobe), neste termo municipal,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 24/01/1990, tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.



Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euros con vinte céntimos (#120,20#) xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitente e ao adquirente.

5º.- Acordo, se procede, sobre concesión de autorización municipal para funcionamento de furancho en Ximonde -San Miguel de Sarandón

Dáse conta da solicitude presentada por don Manuel Cabaleiro Tosar con domicilio no lugar de Ximonde (San Miguel de Sarandón) para autorización para apertura de Furancho.

Tendo en conta o disposto na Disposición transitoria 1ª da Lei 7/2011, do 27 de outubro do turismo de Galicia e no Decreto 116/2008, do 8 de maio, polo que se establece a ordenación dos establecementos de restauración denominados furanchos en Galicia.

À vista da documentación que se xunta á solicitude, a Xunta de Goberno acorda concederlle a don Manuel Cabaleiro Tosar a autorización municipal para funcionamento de *furancho* que se establece no Decreto 116/2008, do 8 de maio, para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de marzo de 2013, ámbolos dous incluídos, debendo dar cumprimento aos seguintes requisitos:

-Deberá achegar copia da autorización de Turismo en canto a obteña.

-Deberá darse cumprimento ao establecido no mencionado Decreto 116/2008, do 8 de maio, especialmente ao disposto nos artigos 2, 3 e 5.

6º.- Acordo, se procede, sobre expediente de licenza de actividade de residencia canina (legalización) en Neira de Abaixo -San Mamede de Ribadulla

Examinado o expediente promovido por dona Elena Fachal Pereira, segundo a súa solicitude núm. 1604 de data 29 de setembro de 2011, para licenza de actividade de residencia canina (legalización) no lugar de Neira de Abaixo (San Mamede de Ribadulla), sometida ao disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental (DOG nº 126, do 1 de xullo)

Tendo en conta que con data 29 de maio de 2012 se emitiu informe polos Servizos Técnicos Municipais en sentido favorable; que o expediente estivo exposto ao público por un período de vinte días; téndose publicado o edicto de exposición no DOG nº 63 de data 30 de marzo de 2012 e no BOP nº 53 de data 16 de marzo de 2012; que se practicou notificación persoal aos veciños inmediatos ao lugar previsto de emprazamento da actividade; que por Secretaría se certificou a non presentación de alegacións.

De conformidade co disposto no artigo 9 do decreto 133/2008, do 12 de xuño, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Informar favorablemente a solicitude que se tramita a instancia de dona Elena Fachal Pereira, en relación coa licenza de actividade para residencia canina (legalización) no lugar de Neira de Abaixo (San Mamede de Ribadulla), nos termos da documentación presentada e tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade



axústanse á ordenación e cualificación urbanística prevista no vixente PXOM, téndose emitido informe en sentido favorable polos Servizos Técnicos Municipais; así mesmo as medidas propostas polo solicitante na documentación achegada ao expediente enténdense axeitadas.

2º.- Suspender o transcurso do prazo máximo para resolver durante o período que medie entre a remisión do expediente ao órgano ambiental e a comunicación ao concello da emisión do preceptivo ditame de incidencia ambiental.

3º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para os efectos previstos no Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

7º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do servizo de xestión e socorrismo da piscina municipal da tempada 2012

Dáse conta da proposta presentada por Grupo Acofide, S.C, empresa adxudicataria do servizo de xestión das instalacións e actividades do pavillón, para a xestión da piscina municipal durante a tempada de verán do 2012 (do 23 de xuño ao 9 de setembro), que inclúe os seguintes servizos: limpeza inicial da piscina e instalacións; mantemento da mesma (limpeza, produtos para o tratamento da auga e control dos parámetros esixidos, análíticas mensuais da auga, control de entradas, servizo de cafetería, ...etcétera) así como a dotación do persoal (un socorrista e técnico en primeiros auxilios con titulación suficiente; un recepcionista para control de acceso á piscina e atención de cafetería e un técnico en mantemento para controlar o adecuado funcionamento e arranxar na medida que lle competa á empresa problemas que puidesen xurdir no vaso, sala de máquinas ou resto de instalacións). Ademais oferta como melloras unha festa de clausura na que se colocarán inchables acuáticos e música ambiente na piscina e un monitor durante 2 días/semana ata un máximo de 3 horas/día para impartir cursos de natación.

O Presuposto ofertado ascende á cantidade de nove mil seiscentos noventa e nove euros con sesenta céntimos (#9.699,60#), a pagar en 4 mensualidades.

A Xunta de Goberno, de conformidade co establecido nos artigos 111 , 138.3 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, acorda:

Primeiro.- Levar a cabo o servizo de xestión e socorrismo da piscina municipal durante a tempada de verán do 2012, mediante o procedemento de contrato menor, coa empresa Grupo Acofide, S.C, con CIF J70026604 e domicilio social en Nande, 22 -San Fins de Sales, por un importe de oito mil douscentos vinte euros (#8.220,00#) máis mil catrocentos setenta e nove euros con sesenta céntimos (#1.479,60#) de IVE.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente á prestación do citado servizo con cargo á partida 341-227 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar este acordo ao adxudicatario no prazo de dez días.



8º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

8.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de xuño do ano que andamos, pola que baseándose no disposto no artigo 12º.1.C do Decreto 105/2006, que exceptúa da prohibición de facer fogueiras en terreos forestais e nas áreas rurais situadas nunha franxa de 400 m. arredor, ás fogueiras en festas locais ou de arraigada tradición, autorízase a realización de fogueiras e sardiñadas con motivo do día de San Xoán, a aquelas persoas que formalicen a súa petición presentando a debida solicitude no rexistro do concello, onde se lles fará entrega das medidas de prevención que deberán adoptar para evitar o risco de incendios.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de maio do ano que andamos, pola que se comunica a dona Josefina Ramos Iglesias, propietaria catastral das parcelas nº 186 e 188 do polígono 8 do plano de catastro de rústica deste concello, situadas en Illobre, que dispón dun prazo dun mes para proceder á limpeza das mesmas de maneira que o arborado existente non sobresaia dos seus límites, invadindo o vial municipal.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de maio do ano que andamos, pola que se procede a archivar as actuacións practicadas no expediente tramitado con respecto de don Manuel Carbajales Santasmarinas e dona Isabel Devesa Tato en calidade de propietarios das parcelas sitas en Cornado -San Fins de Sales, ao terse procedido á limpeza e acondicionamento das mesmas, e recordarlle aos propietarios que os deberes de uso e conservación dos terreos son permanentes.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

9º.- Outros asuntos

9.1.- Aceptación subvención concedida para o proxecto de *Acondicionamento e mellora de parques infantís en Ponte Ulla e Santa Cruz de Ribadulla*.

Mediante Resolución do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e ao abeiro do disposto na orde do 23 de decembro de 2011 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia (DOG nº 4/12, do 5 de xaneiro), concedéuselle ao Concello de Vedra unha subvención por importe de 31.567,90 euros para o proxecto denominado *Acondicionamento e mellora de parques infantís en Ponte Ulla e Santa Cruz de Ribadulla*, que representa unha porcentaxe do 70% sobre do custo elixible do proxecto.

A Xunta de Goberno acorda aceptar a citada subvención e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.



9.2.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

Dáse conta do escrito nº 908/12 no que don Manuel Rey Mareque, con domicilio en Ribeira -San Pedro de Sarandón, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 51%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

9.3.- Escrito núm. 418/12 da ANPA do CEIP de Vedra

Dáse conta do citado escrito no que don José Luís Carreira Quinteiro, en calidade de Presidente da ANPA A Boca do CEIP de Vedra, solicita a concesión dunha axuda económica para os gastos ocasionados pola organización do festival de fin de curso.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de douscentos cincuenta (#250,00#) euros, debendo achegar para o cobro da mesma xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos.